



STUDY VISITS

Proxecto Equal Compostela Social

O Obxectivo común das AD que conforman o grupo de traballo transnacional Sectores Innovadores e Economía Social consiste en promover estratexias que manteñan o crecemento do emprego de persoas desfavorecidas mediante novos paquetes de formación, apoio a empresas recentemente creadas, investigación de novos instrumentos económicos, procesos compartidos de información ou investigación e de planificación territorial.

Todos estes procesos deberán enriquecerse a través do intercambio de experiencias con outros países europeos, o que conducirá a unha rede de cooperación máis forte entre organizacións locais, nacionais e europeas implicadas no desenvolvemento de iniciativas de economía social local.

Neste marco as visitas de Estudo (VE) organízanse para que os/as profesionais coñezan outros proxectos e métodos. Servirán para compartir e intercambiar as experiencias e os resultados obtidos, así como para adecuar a competencia do persoal das diferentes entidades participantes ao traballo eficaz cos colectivos-obxectivo. A través dos intercambios de persoal técnico preténdese facilitar un mellor entendemento dos diferentes enfoques utilizados nos países socios que poidan importarse e adaptarse ao seu traballo local: reunións, visitas a proxectos locais, formación, etc .

Esta visita de estudo constitúe unha gran oportunidade para que o persoal técnico das diferentes Agrupacións de Desenvolvemento de Innovate sectors and social economy, coñezan e observen de primeira mano o traballo da AD Equal Compostela Social. Terá unha duración de dous días de traballo, 19 e 20 de abril de 2007, e seguirá unha axenda que pretende abordar desde un punto de vista práctico as temáticas comúns de traballo transnacional, a través de visitas guiadas ás diferentes entidades e organizacións do Equal Compostela Social, así como visitas a outras organizacións relacionadas cos intereses das/vos visitantes. Dun modo específico, **os obxectivos que pretendemos coa visita de estudo á AD Compostela Social son:**

- ? Transferencia das boas prácticas probadas no deseño e desenvolvemento de programas de fomento do espírito emprendedor.
- ? Transferencia, desde unha perspectiva de igualdade de xénero, do desenvolvemento de procesos de autoemprego.
- ? Transferencia do deseño e desenvolvemento de cursos de autoemprego e xestión de empresas.
- ? Transferencia do deseño do itinerario de emprendemento: seguimento de plans de viabilidade e acompañamento do proceso de creación e consolidación mediante fórmulas como o titoría ou o mentoring.
- ? Transferencia no establecemento establecemento de instrumentos que promovan a creación de empresas que contribúan ó desenvolvemento local
- ? transferencia dos sistemas de Información sobre subvencións e solicitude de financiamento (microcréditos, etc.).
- ? desenvolvemento paralelo de accións e enfoques innovadores dirixidos a reforzar, modelos innovadores e unha rede de cooperación entre as organizacións locais e rexionais implicadas no desenvolvemento da economía social .
- ? transferencia das actividades desenvoltas no ámbito da inserción laboral.
- ? Abrir un espazo de diálogo e debate sobre as metodoloxías, enfoques e instrumentos apropiados para unha mellora importante das políticas e as prácticas
- ? compartir problemas comúns sobre emprego e exclusión de persoas en situación de desvantaxe social.



PROGRAMA

Mércores, 18 de abril

9h00: Recepción – Café presentación a cargo de Mercedes Morigosa. Empresa eQual Compostela Social. *Lugar: MUPEGA ,Santiago de Compostela.*

9h30: Benvida e presentación do equipo e do proxecto Equal Compostela Social. Representación de todas as entidades socias da AD Compostela Social. Espazo de debate e preguntas.

Obxectivos: dar a coñecer a estrutura de la AD Compostela Social, as distintas entidades que forman parte dela e as actuacións que desenvolven dentro do programa. *Lugar: MUPEGA ,Santiago de Compostela.*

10h00: O desenvolvemento empresarial no Concello de Santiago de Compostela. Presentación da Estrutura orgánica, dos Programas e servizos de apoio ás empresas da Concellaría de Promoción Económica e Emprego. *Lugar: Concellaría de Promoción Económica e Emprego. Multiusos de San Lázaro. Porta 9. Avenida Fernando Casas Novoa, 20. Santiago de Compostela*

Obxectivos: divulgar todas as iniciativas da Concellería como centro reitor das actuacións económicas, fomento da inserción laboral e promoción das actividades comerciais de Santiago de Compostela. Nela prestarase especial atención aos servizos de apoio á empresa.

O programa Equal Compostela Social enmarcase dentro das actuacións integrais que desenvolve a Concellaría, de alí la importancia de coñecerlas todas, xa que moitas delas dan continuidade, complementan ou redefinen itinerarios de autoemprego.

10h30: Presentación do proxecto CREAR. Programa de Orientación e Inserción Laboral. *Lugar: Rúa do Hórreo 100 ,Santiago de Compostela.*

11h00: Presentación do proxecto PERSOA. Programas de Formación para o emprego. *Lugar: Rúa Pérez Constanti 4 ,Santiago de Compostela.*

11h30: O Proyecto eQual Compostela Social no Concello de Santiago de Compostela. *Lugar: Rúa da Rosa 16 ,Santiago de Compostela.*

Obxectivos: dar a coñecer o protocolo de funcionamento do programa, detallando cada unha das fases do programa ata chegar á inserción real dla persoa emprendedora a través do autoemprego.

Mesas de Trabajo e espazos de diálogo

- ✍ Perfil do persoal técnico del programa
- ✍ Exposición exhaustiva dos itinerarios de inserción:
 - ? Difusión
 - ? Captación e selección
 - ? Formación. Cursos para persoas emprendedoras
 - ? Titorización
 - ? Mentoring
 - ? Procura de financiamento
 - ? Deseño, imaxe corporativa
 - ? Posta en marcha
 - ? Medidas de eliminación de barreiras
- ✍ Discusión e debate sobre os principais resultados e problemáticas



14h00: Recepción institucional a cargo do Alcalde de Teo: Armando Blanco

14h30: Comida

16h00: Visitas ás empresas creadas dentro do Equal Compostela Social.

Obxectivos: observar no propio terreo os resultados do programa. Para iso escolléronse empresas cuxas persoas fundadoras presentaban especiais dificultades para a súa inserción laboral, alí poderemos coñecer a impresión destas sobre os seus logros e dificultades dentro do programa Equal Compostela Social.

- ? Marisa Dequidt. Saúde e Beleza. Centro de estética.
- ? Laura Moure. Corselette. Tienda de Lencería
- ? Seiva, S.C. Servicios integrales de educación y calidad.
- ? Artefacto Produccións Audiovisuais. Productora animación audiovisual.
- ? Darredor. Deseño Cultural. Ubicada en el Vivero de Empresas, visita de sus instalaciones.
- ? A1 Cobros. Grupo Seguva. Gestión de cobros impagados

19h00: Peche das visitas do día

Xoves, 19 de abril

9h00: Encontro no hotel e saída cara o Concello de Val do Dubra

9h45: Recepción institucional a cargo do Alcalde de Val do Dubra. Don Juan Manuel Baleato Iglesias. Presentación do equipo e do proxecto

Obxectivo: o obxectivo deste programa é continuar profundando sobre as accións que realizan as distintas entidades membros da AD Compostela Social en ámbitos diferentes do urbano.

10h00: Visita ás empresas creadas dentro do Equal Compostela Social

- ? Kuña2. Taller de neumáticos e servizos rápidos do automóbil.
- ? Dolce Café. Salón de Té. Confitería.

11h00: Pausa- Café: Mon- Xelados. Venda de conxelados e frescos.

12.00: Saída cara o Concello de Ames.

12.15: Recepción institucional a cargo do Alcalde do Concello de Ames.

12.30h: Presentación dos Programas e Servizos de apoio ás empresas do Concello de Ames O desenvolvemento empresarial no Concello de Ames a cargo de Obdulia Vila Vilas.

13:00: Visita ao viveiro de empresas Equal do Concello de Ames. Visita ás empresas:

- ? Esther Sierra Abraín
- ? Atalaia

Lugar: Aldea Nova. Ames

14:00 Xantar

16:00 Visita ás empresas creadas dentro do Programa Equal

- ? Maritza Abeleira
- ? Inmobiliaria Icaria

17:30 Presentación da ferramenta para o emprendemento " Guía de empresas do concello de Ames"

18h00: Regreso a Santiago de Compostela e fin das visitas do día.



SEMINARIO: “O impacto dos Proxectos Equal no desenvolvemento local desde unha perspectiva de xénero”

Contextualización e obxectivos:

As políticas de igualdade entre homes e mulleres son unha aportación positiva para o emprego e o crecemento no seo da Unión Europea. Así o recolle a Estratexia Europea para o Emprego (EEE), que reafirma o seu pleno compromiso coa igualdade entre mulleres e homes, colocándoa como un obxectivo específico e como unha obriga da Comunidade Europea.

O PIC Equal Compostela Social asume como un dos seus principais retos loitar contra as desigualdades por razón de sexo, creando un contexto favorable para que a muller, xunto con outros colectivos de difícil inserción, se inserte plenamente na nosa sociedade a través do autoemprego.

Neste senso, o Proxecto Equal Compostela Social fixo una labor moi destacada na loita contra o desemprego a través do autoemprego, á vez que foi un programa pioneiro na Oficina de Promoción económica do Concello de Santiago de Compostela, a nivel local e no resto da comarca, á hora de promover políticas que incorporen o mainstreaming de xénero. Os importantes resultados obtidos demostran a importancia da aplicación deste tipo de políticas.

Esta liña de traballo converteuse nunha das prioridades do PIC Equal Compostela Social, o que lle levou á elaboración dun Manual para a aplicación da transversalidade de xénero na planificación do desenvolvemento local, do cal presentarase un avance neste Seminario. Tamén falaremos das futuras liñas de actuación do PIC Equal Compostela Social na defensa da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; actuacións que se transferirán a todos os programas e accións dos socios da AD.

Así, o obxectivo deste seminario é dobre:

? Mostrar como a loita contra as desigualdades de xénero pode redundar no crecemento económico e social, a nivel local e comarcal.

Presentar os principais resultados obtidos na creación de empresas, a través do fomento do espírito empresarial, poñendo énfases na economía social, dentro do GGT.



Venres, 20 de abril de 2007

9. 45 h Rexistro.

10.15 h Inauguración oficial do Seminario Transnacional.: Comisión Executiva da AD Equal Compostela Social

10.30-11.30 h Conferencia: "A transversalidade de xénero na creación de empresas e o desenvolvemento local". Dna. **Magali Martínez Solimán**. Experta en xénero e políticas de igualdade Travesías por la Igualdad, S.L.

CURRICULUM MAGALÍ MARTINEZ SOLIMAN: Enxeñeira Agrónoma pola Universidade Politécnica de Madrid, Axente de Igualdade (Master da Universidade de Valencia), experta e formadora en xénero e políticas de igualdade de oportunidades. Traballou como técnica da Estructura de apoio da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (2001-2003), asistindo a proxectos Equal de Igualdade de Oportunidades da primeira convocatoria. Foi coordinadora técnica do Grupo de Traballo Técnico Local do Instituto Vasco da Muller (Emakunde) (2003-2004). Actualmente é Coordinadora técnica e responsable da transnacionalidade do proxecto Equal AGMetal, Directora Financieira e de Xestión e responsable da transnacionalidade do proxecto Equal "Cerezas por la Igualdad".

11.30-12.00 h Presentación do Manual: "A transversalidade de xénero na planificación do desenvolvemento local". Dna. **Elisa Sánchez-Albornoz**. Responsable da Consultora en xénero e políticas de igualdade. Sánchez-Albornoz, SLNE.

CURRICULUM ELISA SÁNCHEZ ALBORNOZ: É Licenciada en xeografía e Historia, pola USC, cun programa de Doctorado pola USC e un Máster en Xénero e Desenvolvemento polo Instituto da Muller e a Universidad Complutense, Madrid, 1999. Conta cunha ampla experiencia laboral como consultora (IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Goberno de Galicia. Xunta de Galicia, 2006-2007; Xénero e Emprego. Poxecto Equal-Compostela Social, Santiago, 2007, etc.); e como formadora, impartido cursos en diferentes Concellos e institucións sobre perspectiva de xénero e políticas de igualdade.

12.00-12.30 h Descanso

12.30- 13.45: Presentación dos proxectos nacionais: " O impacto social dos Proxectos Equal no desenvolvemento local. Resultados obtidos".

- Presentación da AD Compostela Social ES- 20040225
- Presentación da AD MOZEMY WIECEJ - partnerstwo na rzecz spółdzielni socjalnych PL-36.
- Presentación da AD Fenix PL-49.
- Presentación da AD . Il tempo líbero si fa empresa IT-IT-G2-LOM-012.
- Presentación da AD ?? ?? O? ?? ? ?? ?? ? ?? ?? GR-232262.

13.45-14.00: Clausura.

14.00: Buffet

15h30: Sexto encontro do grupo de traballo transnacional

- Planificación das visitas de estudo
- Materiais e produtos comúns
- Planificación do sétimo meeting